



# Saúde laboral

## Boletín nº 57

Nº 57 DECEMBRO 2024 CIG - GABINETE TÉCNICO CONFEDERAL DE SAÚDE LABORAL [www.cigsaudelaboral.org](http://www.cigsaudelaboral.org)

### MONOGRÁFICO SECTOR CONSTRUCCIÓN

#### SUMARIO

#### INFORMACIÓN

## XESTIÓN PREVENTIVA DOS TRABALLOS CON AMIANTO NA GALIZA: reformas, reparación e mantemento

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral



EDITA: Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

FINANCIADO POR:



# XESTIÓN PREVENTIVA DOS TRABALLOS CON AMIANTO NA GALIZA: reformas, reparación e mantemento

# XESTIÓN PREVENTIVA DOS TRABALLOS CON AMIANTO NA GALIZA: reformas, reparación e mantemento

**A**índa que no Estado español está prohibida a utilización e comercialización do amianto dende o 14 de decembro de 2002 e no ámbito da Unión Europea prohibiuse a utilización de todo tipo de amianto dende o 1 de xaneiro de 2005, o amianto, que foi amplamente utilizado no pasado, continúa formando parte de numerosos materiais presentes en edificios, instalacións industriais, maquinaria, vehículos de transporte ...

A presenza do amianto por si só en diferentes materiais non supón un risco para a saúde, pero cando estes materiais soltan as fibras que conteñen ao ambiente, como sucede en diferentes traballos que implican a súa manipulación, resultan especialmente perigosos. Cando as diminutas e imperceptibles fibras do amianto contaminan o aire que respiramos poden chegar ata o máis profundo dos pulmóns causando danos irreparables e, nos peores casos, a morte. Ténselle chamado o inimigo invisible porque non se nota ningún efecto inmediato, as enfermidades que provoca, sobre todo de pulmón, adoitan tardar en aparecer 10, 20, 30 e mesmo 40 anos.

O **Real decreto 396/2006, do 31 de marzo**, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto, constitúe a norma legal mínima en relación ao amianto tamén no noso país. Neste Real Decreto ademais de recóllense as medidas de protección e prevención que hai que aplicar nestes traballos con risco de exposición, obrígase ás empresas que os executan a realizaren diferentes trámites administrativos que se indican a continuación.

A **ORDE do 27 de xuño de 2018 (DOG núm. 158 do 21 de agosto de 2018)** regula os procedementos e aproba os modelos de solicitude e comunicación relativos aos traballos con risco de exposición ao amianto na Galiza para a súa tramitación por medios electrónicos.

## TRÁMITES ADMINISTRATIVOS PARA PODER TRABALLAR CON AMIANTO

### Inscribirse no Rexistro de empresa con risco por amianto (RERA):

Están obrigadas a inscribirse no noso País, as empresas cuxas instalacións principais (endereço social) radiquen na Galiza e que vaian realizar actividades ou operacións nas que as persoas traballadoras estean expostas ou sexan susceptibles



de estar expostas a fibras de amianto ou de materiais que o conteñan, e especialmente en:

- Traballos de demolición de construcións onde exista amianto ou materiais que o conteñan.
- Traballos de desmantelamento de elementos, maquinaria ou ferramenta onde exista amianto ou materiais que o conteñan.
- Traballos e operacións destinadas á retirada de amianto, ou de materiais que o conteñan, de equipos, unidades (tales como barcos, vehículos, trens ... ), instalacións, estruturas ou edificios.
- Traballos de mantemento e reparación dos materiais con amianto existentes en equipos, unidades (tales como barcos, vehículos, trens), instalacións, estruturas ou edificios.
- Traballos de mantemento e reparación que impliquen risco de desprendemento de fibras de amianto pola existencia e proximidade de materiais de amianto.
- Transporte, tratamento e destrución de residuos que conteñan amianto.
- Vertedoiros autorizados para residuos de amianto.



- Todas aquelas outras actividades ou operacións nas que se manipulen materiais que conteñan amianto, sempre que exista risco de liberación de fibras de amianto ao ambiente de traballo.

#### Como facer a inscrición?

- A solicitude presentárase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Código do procedemento **TR900A**.
- Deberá acompañala dos documentos complementarios necesarios segundo o indicado no artigo 3.1, a) da ORDE do 27 de xuño de 2018 pola que se regulan os procedementos e se aproban e se dá publicidade dos modelos de solicitude e comunicación relativos aos traballos con risco de exposición ao amianto na Galiza (DOG núm. 158 do 21 de agosto de 2018).

No caso de que o enderezo social da empresa non estea na Galiza deberá dirixirse á autoridade laboral do territorio no que teña o domicilio social a empresa.

#### Comunicación de variación de datos e baixas:

- Calquera variación dos datos relativos á empresa debe comunicarse por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: código do procedemento **TR900A**. Deberá acompañarse dos documentos complementarios necesarios segundo o indicado no artigo 3.1, c) da ORDE do 27 de xuño de 2018 que regula estes procedementos anteriormente indicada.

- Se a empresa non vai continuar realizando as actividades que provocaron a alta no RERA debe darse de baixa neste rexistro. Farase por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: código do procedemento **TR900A**. Deberá acompañarse dos documentos complementarios necesarios segundo o indicado no artigo 3.1, b) da **ORDE do 27 de xuño de 2018** que regula estes procedementos anteriormente indicada.

Pode consultar e descargar a **listaxe de empresas inscritas no RERA** na Galiza ao final deste artigo.

**Antes do comezo de cada traballo deberá elaborarse un PLAN DE TRABAJO que debe aprobar a autoridade laboral no prazo de 45 días hábiles.**

Mentres non estea aprobado o plan non poderán comezar os traballos. **Na tramitación do expediente hai que solicitar informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social e do ISSGA que revisarán o plan de acordo ao previsto no Real Decreto.**

A normativa contempla a posibilidade de presentar, especialmente en tarefas de mantemento e reparación, un **plan de traballo único de carácter xeral** que poida servir para actividades semellantes, mais restrinxen esta posibilidade a operacións de curta duración con presentación irregular ou que non se poidan programar con antelación.

Os **empresarios/as que contraten ou subcontraten con outros a realización dos traballos comprendidos no ámbito deste Real decreto** deberán comprobar que os devanditos contratistas ou sub-

contratistas contan co correspondente plan de traballo. Para tales efectos, a empresa contratista ou subcontratista deberá remitir á empresa principal unha copia da resolución aprobatoria do plan de traballo.

Xunto co plan de traballo debe presentar tamén o **certificado de aptitude médica das persoas traballadoras que van participar na actividade concreta e un documento que acredite que se consultou aos/ás representantes dos traballadores/as para a elaboración do plan.**

O plan debe conter todos os apartados que figuran no artigo 11.2 do Real decreto 396/2006, do 31 de marzo.

**Trámites:** Presentación do plan:

- A solicitude presentárase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Código do procedemento **TR900B**.
- Deberá acompañala dos documentos complementarios necesarios segundo o indicado no artigo 3.1, d) da **ORDE do 27 de xuño de 2018** pola que se regulan os procedementos e se

aproban e se dá publicidade dos modelos de solicitude e comunicación relativos aos traballos con risco de exposición ao amianto en Galicia (DOG núm. 158 do 21 de agosto de 2018).

Unha vez que o plan de traballo estea aprobado debe comunicar por medios electrónicos a data exacta de comezo dos traballos con tres (3) días hábiles de antelación. Utilizará o formulario normalizado “**comunicación de inicio de traballos con risco por amianto**”: código do procedemento **TR900C**. Deberá acompañala dos documentos complementarios necesarios segundo o indicado no artigo 3.1, e) da ORDE do 27 de xuño de 2018 que regula estes procedementos.

Para a elaboración do plan debe consultar a Guía técnica do Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST) sobre o Real Decreto 396/2006, en especial os comentarios ao artigo 11 e aos artigos 6, 7, 8, 9 e 10 así como aos seus apéndice. Pódese descargar gratuitamente da páxina web do INSST nesta [LIGAZÓN](#)

Para as dúbidas que poidan xurdir sobre o plan de traballo concreto que se vaia presentar deberán dirixirse ao Centro do ISSGA ao que lle deba presentar o plan.

### **PRECISIÓNS SOBRE A APLICACIÓN DO REAL DECRETO 396/2006**

O Real Decreto 396/2006 na súa disposición adicional segunda, encoméndalle ao Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo a elaboración da guía técnica para este Real Decreto. Esta guía, que foi publicada en novembro de 2008, proporciona orientacións prácticas e criterios de

actuación sobre diferentes aspectos que é necesario ter en conta por parte da Administración. Expóñense a continuación diferentes precisións e orientacións prácticas, así como criterios para a aprobación de plans de traballo na nosa terra.



### **OPERACIÓNS E ACTIVIDADES EXENTAS DA APLICACIÓN DOS ARTIGOS 11 (plans de traballo), 16 (vixilancia da saúde), 17 (inscrición no RERA) e 18 (rexistro e datos e arquivo de documentación) SEGUNDO O RECOLLIDO NO ARTIGO 3.2**

O Real Decreto 396/2006 permite que se realicen determinados traballos sen que sexa necesario que a empresa estea inscrita no RERA, nin teña que presentar un plan de traballo nin facer vixilancia específica da saúde, eximíndoa ademais doutras obrigas documentais.

Para darse tales exencións débense cumprir tres condicións comúns:

- 1) Tratarse de exposicións esporádicas.
- 2) A intensidade destas exposicións debe ser baixa.
- 3) Os resultados da avaliación de riscos (artigo 5) deben indicar claramente que non se vai superar o valor límite de exposición na área da zona de traballo.

### E ADEMAIS OS TRABALLOS DEBERÁN INCLUIRSE NALGÚN DOS SUPOSTOS SEGUINTE:

- a) Actividades curtas e discontinuas de mantemento e só con materiais non friables (*Que se esmiazan con facilidade*).
- b) Retirada sen deterioración de materiais non friables.
- c) Encapsulación e selado de materiais en bo estado que conteñan amianto, sempre que estas operacións non impliquen risco de liberación de fibras.
- d) Vixilancia e control do aire e na toma de mostras para detectar amianto nun material.

En ningún caso o traballo con amianto ou materiais que o conteñan exime do cumprimento do resto dos artigos e polo tanto haberá que avaliar o risco, e aplicar as medidas axeitadas de prevención (técnicas, organizativas e de hixiene persoal e protección); ademais, as persoas traballadoras deben recibir a formación e a información necesaria e especificada no Real Decreto.



Tampouco se debe esquecer nunca a consideración do amianto como residuo perigoso e polo tanto a súa adecuada xestión como tal.

Cómpre salientar que se ten que tratar dalgún dos casos indicados nos puntos a), b), c) e d).

### EN CANTO ÁS CONDICIÓN COMÚNS CONSIDERANSE:

- **Exposicións esporádicas:** aquelas que sucedan de maneira illada e pouco frecuente (incluso previsible que non se volvan repetir) e nunca empresas cuxa actividade sexa calquera das incluídas no ámbito de aplicación do Real Decreto.
- **Exposicións de baixa intensidade:** non se poderán incluír traballos que poidan orixinar altas concentracións aínda por pouco tempo (nunca  $>0,5 \text{ f/cm}^3$  e  $>0,3 \text{ f/cm}^3$  durante máis de media hora). Posto que son actividades nas que adoita ser difícil unha avaliación fiable baseada nas medicións, estimarase a baixa intensidade en base a criterio técnico fundamentado na observación do procedemento ou instrucións de traballo e a súa correcta aplicación (ademais das medidas preventivas e demais disposicións aplicables) e no tipo de material intervido: en bo estado ou non friable.

### EXEMPLOS DE TRABALLOS QUE PODERÍAN INCLUIRSE NESTE SUPOSTO:

- a) Actividades curtas e descontinuas:
  - Reparación de goteiras nunha cuberta de fibrocemento aplicando tea asfáltica ou poliuretano.
  - Limpeza de canalóns, desatasco de baixantes.
  - Substitución de xuntas de amianto non friable en válvulas ou condutos.
  - Substitución dun chan de amianto-vinilo.
- b) Retirada sen deterioro:
  - Elementos de fibrocemento: apaga chispas, xardineiras, asentos ou outro mobiliario urba-

no sempre que non haxa que rompelos ou alterar o seu estado.

- Recollida de materiais con amianto non friable: fibrocemento, xuntas, masillas, adhesivos ... que non foran usados e se atopan almacenados.

#### c) Encapsulación e selado:

- Selado dun cordón illante nunha estufa.
- Protección cunha camisa metálica dun tubo de saída de fumes de fibrocemento.
- Non se pode aplicar este apartado á dobraxe de cubertas: segundo o [Regulamento \(CE\) Nº 1907/2006](#) (regulamento REACH) o uso de produtos que conteñan fibras de amianto que estaban instalados ou en servizo antes da entrada en vigor da prohibición seguirá estando permitido ata a súa eliminación ou a fin da súa vida útil. Unha cuberta que chega ao fin da súa vida útil debe ser retirada e, en todo caso, calquera intervención sobre ela require da aprobación dun plan de traballo.

#### d) Vixilancia e control (en situacións puntuais).

Non se pode aplicar nunha actividade habitual de vixilancia e control do aire e toma de mostras para



detectar a presenza de amianto nun material determinado (non se trataría de exposicións esporádicas).

**Nota:** *os traballos sobre fibrocemento nos que sexa necesaria a súa rotura debido á súa forma de presentación (por exemplo placas de fibrocemento adheridas a formigón ou material de fibrocemento moi degradado) non se poderán considerar como traballos sobre material non friable.*

### PERSOA QUE ASINA O PLAN DE TRABALLO E A AVALIACIÓN DE RISCOS

A elaboración e correcta aplicación do **plan de traballo** é responsabilidade da empresa que vai executar os traballos e debe ser asinado pola **persoa responsable da empresa**, que é recomendable que conte co asesoramento dun especialista en Hixiene Industrial. A información que acompaña ao plan relacionada coa estratexia de toma de mostras (periodicidade, número de mostras, duración, etc.) forma parte da **avaliación de riscos** que si **debe vir avalada e asinada** polo **hixienista industrial do servizo de prevención** que realizou a avaliación de riscos.

### RECURSOS PREVENTIVOS

Cando se trate de actividades nas que pode preverse a **superación do VLA-ED (Valor Límite Ambiental-Exposición Diaria)** (artigo 10.1), deberá nomearse unha **persoa supervisora** dos traballos con coñecementos, cualificación e experiencia para o tipo de actividade da que se trate, e formación preventiva como mínimo, de nivel básico.

Cando se trate de obras de **construción** a empresa **contratista** deberá designar un recurso preventivo

con independencia de que haxa que nomear un supervisor/a, xa que os traballos con amianto encádranse nos traballos nos que a exposición a axentes químicos ou biolóxicos supón un risco de especial gravidade ou para os que a vixilancia específica da saúde dos traballadores/as sexa legalmente esixible (disposición adicional decimo cuarta da [Lei 31/1995](#) de prevención de riscos laborais- LPRL- e anexo II do [Real decreto 1627/1997](#)). Se coexisten ambas figuras será a persoa supervisora quen se encargue de velar polo cumprimento do que ocorra na zona limitada para os traballos con amianto.

Se a empresa que solicita a aprobación do plan de traballo é empresa contratista dunha obra de construción deberá entón nomear un recurso preventivo por este motivo e deberá achegar dito nomeamento. Se se dese o caso de que a empresa tamén tivese que nomear unha persoa supervisora dos traballos (artigo 10.1) podería ser a mesma persoa recurso preventivo e supervisora dos traballos.

En todo caso, o feito de que a empresa non teña que nomear un recurso preventivo na obra por tratarse dunha subcontrata, non exime á empresa contratista de ter que nomear este recurso.



## PLANS ÚNICOS DE CARÁCTER XERAL

O habitual é que se presente un plan por cada traballo a realizar (plan específico, artigo 11.1) pero o real decreto contempla a posibilidade de que se presente un plan xeral tal como se sinala no artigo 11.4:

*“Cando se trate de operacións de **curta duración con presentación irregular ou non programables con antelación, especialmente nos casos de mantemento e reparación, o empresario poderá substituír a presentación dun plan por cada traballo por un plan único, de carácter xeral, referido ao conxunto destas actividades, no cal se conteñan as especificacións para ter en conta no seu desenvolvemento. Non obstante, este plan deberá ser actualizado se cambian significativamente as condicións de execución”.***

Concepto de **curta duración**: estimarase en base á opinión e criterios técnicos fundamentados en función do tipo de actividade, cantidade de materiais con amianto (en diante MCA) e situacións especiais en cada caso. Non se terá en conta a curta duración cando se trate dun traballo inminente (emerxencias e sinistros por exemplo).

**Presentación irregular**: enténdese a asociada a traballos cuxa finalidade non é intervir nos MCA senón que a intervención é consecuencia dunha aparición imprevista ou presenza circunstancial dos MCA no traballo a realizar.

Os plans xerais só se poderán aprobar para as operacións que teñen metodoloxía de traballo especificada e correcta. Poderanse aprobar para un ámbito concreto: determinadas provincias,



comunidades autónomas, o conxunto do Estado, etc. Cando se trate de traballos de mantemento e reparación con materiais friables (artigo 10) este ámbito non será territorial, senón que se restrinxirá a unha ou varias empresas concretas, será polo tanto necesario indicar a empresa ou empresas principais nas que será de aplicación e os materiais aos que corresponda.

Estes plans terán un **período máximo de vixencia de 3 anos**, transcorrido este período dende a súa aprobación as empresas deberán presentar un novo plan se desexan continuar realizando a actividade ou actividades descritas nel.

Son exemplos claros de traballos que se axustan a plans únicos de carácter xeral os traballos de mantemento e reparación en redes de saneamento e abastecemento de augas e en instalacións industriais, os traballos como consecuencia de sinistros ou emerxencias e os de recollida e transporte de residuos e outros que veñen recollidos nos comentarios da guía técnica ao artigo 11.4.



## **PROCEDIMENTO PARA A AVALIACIÓN E CONTROL DO MEDIOAMBIENTE DE TRABALLO. ARTIGO 11.2.E DO REAL DECRETO 396/2006**

O Plan de traballo deberá acompañarse da avaliación específica de amianto para cada tipo de actividade determinada (TAD) que se contemple no plan. Indicaranse as concentracións de fibras de amianto para cada TAD, ben estimadas ou ben procedentes de medicións da empresa cando xa se dispoña delas.

Cando se deban realizar medicións durante os traballos a executar especificarase a estratexia de toma de mostras e o tipo de medición. O apéndice 3 da guía técnica proporciona información relevante para a avaliación da exposición e o control do ambiente de traballo.

No tocante ás medicións persoais segundo a norma UNE-EN 689:2019, farase como mínimo unha **medición anual co obxecto da revisión periódica** da avaliación da exposición (segundo a recomendación da guía técnica). Polo tanto, cando se resolva a conformidade coa proba preliminar, non será necesario realizar un mínimo de 6 medicións para determinar a periodicidade (segundo indica a UNE-EN 689:2019).

No plan de traballo débese indicar a data da última medición realizada para o/os TAD descritos nel.

Tanto a avaliación específica como a estratexia de toma de mostras debe vir asinada por un/unha hixienista industrial pertencente á organización preventiva da empresa (servizo de prevención alleo habitualmente), que debe ademais realizar ou ben supervisar a toma de mostras. De ser o

caso, indicárase tamén a persoa que realiza a toma de mostra e a formación da que dispón.

Recóllense deseguido algúns TAD que se aplican máis frecuentemente e se deben detallar no plan:

- Retirada de cubertas de fibrocemento de edificios (placas suxeitas con ganchos ou parafusos).
- Retirada de cubertas en naves por debaixo (con plataforma elevadora).
- Retirada de placas de fachada.
- Retirada/reparación de canalizacións en exteriores (inclúe as soterradas).
- Retirada/reparación de canalizacións en interiores.
- Recollida manual de cascallos.
- Tellados con recubrimentos (tella, lousa u outros) adheridos.

Para cada un deles débese indicar, como mínimo, a presentación do material, o procedemento de traballo, as medidas de protección e o procedemento de limpeza unha vez rematados os traballos.

#### **Necesidade de realizar medicións estáticas ambientais para índice de descontaminación**

Teranse en conta os criterios da guía técnica, apéndice 3, páx. 87 e seguintes, en concreto **non serán necesarias** estas medicións nos seguintes supostos:

- Traballos en exterior.
- Demolicións cando se trate de materiais non friables.
- Cando exista separación física (mediante teito divisorio, placa, etc.) entre a cuberta e o espazo que posteriormente se vaia ocupar.



- Cando o espazo afectado non sexa transitible ou non se poida acceder a el.
- Situacións nas que non sexa viable como poden ser instalacións de uso agrícola ou gandeiro.

**Nota:** *si serán necesarias cando se trate de retirada de cubertas de rochos, faiados e garaxes que estivesen en contacto directo coa uralita retirada.*

#### **Número mínimo de mostras a tomar**

Cando sexan necesarias estas medicións o número de mostras **recomendado** será o indicado no **anexo E do método MTA/MA-051** (ver páx. 95 da guía técnica de amianto do INSST). Este método determina o número de mostras a tomar en función da **área ou volume de cada un dos recintos** ou espazos nos que se actuou.

#### **EQUIPOS UTILIZADOS PARA A PROTECCIÓN DAS PERSOAS TRABALLADORAS (ARTIGO 11.2.H) DO REAL DECRETO 396/2006**

#### **Selección de equipos de protección respiratoria e probas de axuste**

A mínima protección respiratoria que se vai esixir nos plans de traballo vai ser a media máscara con filtro P3 recollendo o criterio da guía técnica

(apéndice 5), coa excepción dos plans únicos de carácter xeral para recollida e transporte de residuos xa empacitados nos que se poderá utilizar media máscara FFP3.

Farase especial fincapé na importancia do axuste das pezas faciais dos equipos de protección respiratoria dependentes do medio para acadar o nivel de protección ofertado; en concreto recollerase a comprobación da calidade do axuste no programa práctico de formación.



### Unidades de descontaminación (UD)

Antes da súa instalación deberá asegurarse que a UD está libre de fibras de amianto (por exemplo certificados de limpeza ou descontaminación).

Deberá limparse en profundidade despois de cada xornada laboral, ao rematar a execución do plan de traballo e antes de desmontala. O plan especificará o procedemento de limpeza. Tamén fará alusión á periodicidade necesaria de cambio de filtros de auga e de aire.

Cando se trate de traballos con MCA friables levarase a cabo sempre unha medición de índice de descontaminación e así se especificará no plan de traballo. Cando se trate de MCA non friables deberá facerse unha medición de índice de descon-

taminación no módulo limpo polo menos unha vez co fin de verificar o procedemento de limpeza da unidade especificado no plan.

### FORMACIÓN E ADESTRAMENTO DAS PERSOAS TRABALLADORAS

Deberá ser impartida por un técnico/a superior en PRL coa especialidade de Hixiene Industrial da organización preventiva da empresa (SPA habitualmente) xa que se trata de formación do artigo 19 da LPRL. Cando sexa necesario recorrer a outros profesionais ou entidades, o SPA da empresa debe certificar/avaluar a súa idoneidade tendo en conta o posto de traballo e as tarefas a desempeñar. Na certificación da formación debe figurar que foi impartida por un/unha hixienista industrial.

No caso de que un traballador/a dispoña de formación en amianto certificada polo SPA doutra empresa na que traballou con anterioridade, o SPA da empresa actual debe certificar/avaluar a súa idoneidade tendo en conta o posto de traballo e as tarefas a desempeñar.

O Real decreto 396/2006 establece o contido mínimo e sinala que deberá impartirse antes do inicio da actividade e cando se produzan cambios nas funcións que desenvolvan as persoas traballadoras ou se introduzan novas tecnoloxías ou cambios nos equipos de traballo, e que deberá repetirse, en todo caso, a intervalos regulares. No entanto non indica un número mínimo de horas, nin establece unha periodicidade.

Adóptase o seguinte criterio segundo as directrices da guía técnica (comentarios ao artigo 13 e apéndice 7):

A **duración mínima**, xa que a formación deberá adaptarse ás circunstancias específicas do traballo a desenvolver, en función do seu cometido, será a seguinte:

- Formación inicial de 20 h.
- Formación anual de reciclaxe de 6 h.
- Formación de reciclaxe de 6 h. de se producir cambios nos procedementos de traballo ou funcións a desenvolver polo persoal traballador.
- Formación de 20 h. cando o persoal leve máis de 1 ano sen traballar con amianto.

No apéndice 7 da guía técnica así como no documento "[Formación y entrenamiento de los trabajadores con riesgo de exposición al amianto](#)" e na NTP 1021 recóllense pautas para o deseño do programa formativo teórico e práctico.

**Ligazón ás Empresas inscritas no Rexistro de empresas con risco por amianto (RERA) en Galiza**

**CRITERIOS E RECOMENDACIÓNS PARA TRABALLOS CON AMIANTO EN CUBERTAS**

Os traballos nas cubertas de amianto-cemento requiren actuacións que eviten a liberación de fibras de amianto e, para iso, será necesario que se consideren os criterios e recomendacións seguintes:

- Estimar o nivel de risco potencial da cuberta de amianto-cemento en cada lugar de traballo mediante metodoloxías fiables, aplicadas por expertos que teñan experiencia suficiente, que valoren conxuntamente a condición actual do MCA (risco intrínseco do material) e o risco potencial por alteración futura do MCA debido á súa contorna,

co obxectivo de establecer prioridades e orientar ao empresario sobre as actuacións máis adecuadas en cada caso.

- Valorar todas as implicacións preventivas (risco de exposición a fibras de amianto durante os traballos, caída en altura, posibles exposicións futuras se non se retira a cuberta, etc.) das distintas solucións construtivas para resolver o problema que motiva a intervención nunha cuberta.
- Planificar as operacións para estabilizar as placas ou elementos con amianto da cuberta mediante as técnicas (encapsulado, selaxe e confinamento) máis adecuadas a cada caso e executar as operacións de estabilización conforme ao plan de traballo aprobado pola autoridade laboral.
- Estabelecer sistemas de acceso seguro á zona de traballo na cuberta así como os medios e procedementos de descontaminación para persoas e obxectos. Unicamente autorizarase a entrada á zona de traballo, ou á de almacenamento temporal de residuos, aos traballadores/as especializados en amianto debidamente equipados que van intervir sobre os MCA. O número de persoas traballadoras expostas reducirase ao mínimo im-



prescindible en cada momento e deberán descontaminarse cada vez que saian fóra das zonas potencialmente contaminadas.

- Estabelecer as medidas de coordinación de actividades que garantan a non exposición doutros traballadores/as ou persoas presentes na obra ou nas proximidades. Delimitarase a zona de traballo advertindo do risco de exposición ao amianto e sinalizarse claramente unha única vía de acceso, controlada en todo momento.
- Non comezarán os traballos ata que finalicen as actividades de preparación da zona de traballo (instalación de medios de acceso, retirada ou recubrimento de equipos ou elementos para evitar a súa contaminación, selado de ocos de ventilación, etc.).
- Concluídos os traballos sobre a cuberta de amianto-cemento e a limpeza da zona de traballo, realizar unha verificación final da zona (artigo 11.1b) do Real Decreto 396/2006) para comprobar que non hai contaminación residual tras a intervención. Non se permitirá o acceso á área intervida nin se retirarán os medios para previr a dispersión de fibras fóra da zona de traballo ata que se garanta a ausencia de risco de exposición a fibras.
- Incluír todos os elementos con amianto da cuberta no rexistro de MCA da instalación, que deberá manterse actualizado e que constitúe un elemento esencial para a avaliación de riscos da empresa e a xestión segura do amianto presente.
- Estabelecer as medidas necesarias (sinalización, restricción de acceso, procedementos de traballo

en proximidade, coordinación de actividades, etc.) co gallo de evitar intervencións inadecuadas sobre os MCA da cuberta ou na súa proximidade e que poidan afectar a estes últimos.

### **PRECISIÓNS SOBRE A INSTALACIÓN DE PLACAS SOLARES SOBRE CUBERTAS DE FIBROCEMENTO CON AMIANTO:**

#### **Precisións respecto á instalación de placas solares sobre cubertas de fibrocemento con amianto:**

Os novos elementos que se instalan, neste caso placas solares, sobre a cuberta, poderían sometela a unhas cargas extras —dende o mesmo momento en que se instalan e durante o tempo que estean instalados— que non se previron nin no deseño nin no proceso de fabricación das placas de fibrocemento con amianto que as forman. Son, por tanto, agresións ás que hai que engadir a degradación natural nomeada.



A instalación de calquera elemento sobre unha cuberta implica como mínimo traballar e transitar sobre ela resultando inevitable o contacto co amianto e sendo moi probable que se produzan vibracións e tensións sobre os elementos da cuberta que poden resultar en roturas e/ou perturba-

cións das placas ou outros elementos con amianto que provocarían a liberación de fibras ao ambiente. Existe polo tanto un risco significativo de exposición do persoal traballador e de terceiras persoas.

Por outra parte, hai que ter en conta as actividades posteriores de mantemento, limpeza e control, que poden variar en función dos elementos instalados e que poden implicar incluso que a cuberta orixinaria quede oculta baixo os novos elementos instalados sendo máis difícil de identificar e de localizar, en cuxo caso será necesario deixar constancia dos materiais con amianto ocultos para evitar riscos xa que as operacións que se fagan no futuro implicarán liberación de fibras.

A retirada da cuberta posterior, terá maior complicación técnica e mais custo económico xa que os materiais estarán cubertos como mínimo parcialmente por outros materiais.

A todo o exposto hai que engadir a imposibilidade técnica de garantir a conservación correcta dos materiais con amianto durante o tempo que se manteñan instaladas as placas solares e a prioridade de eliminar o risco de exposición ao amianto do persoal traballador e a poboación en xeral.

#### En conclusión:

A instalación de placas solares sobre cubertas de fibrocemento é unha operación que en xeral non se vai poder realizar xa que na maioría das ocasións, a opción de retirar e eliminar o amianto será a correcta.

Como se indica no documento “Dobraxa de cubertas”, esta operación entra en contradición coa política dun futuro sen amianto propiciada dende

a Unión Europea xa que engade dificultade a unha retirada posterior da cuberta.

En todo caso no suposto excepcional de que se certifique mediante un informe dun técnico/a competente que a cuberta non presenta deterioro nin perigo de rotura que poidan provocar liberación de fibras e que vai soportar tanto a intervención sobre ela como a estrutura que se lle instala encima sen provocar riscos para a seguridade, deberase presentar un plan específico para o traballo a realizar que se valorará no tocante á súa correcta execución.

#### **FONTES:**

- *Guía técnica para a avaliación e prevención dos riscos relacionados coa exposición ao amianto. INSST 2022.*
- *RISCOS POR AMIANTO. ISSGA.*
- *ANÁLISE SOBRE A DOBRAXE DE CUBERTAS DE AMIANTO-CEMENTO EN ESPAÑA. INSST.*
- *FORMACIÓN E ADESTRAMENTO DOS TRABALLADORES/AS CON RISCO DE EXPOSICIÓN AO AMIANTO. INSST.*
- *Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais*
- *Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto,*
- *ORDE do 27 de xuño de 2018 pola que se regula os procedementos e aproba os modelos de solicitude e comunicación relativos aos traballos con risco de exposición ao amianto en Galicia para a súa tramitación por medios electrónicos.*
- *Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.*
- *NTP 1021: Traballos con amianto: formación dos traballadores/as.*